

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE OTRUBRO DE 2019**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA	11
5.1.	Temperatura media das máximas.	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2019.	17
6	PRECIPITACIÓN	18
6.1.	Precipitación acumulada mensual xullo 2019	18
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	19
6.3.	Días de chuvia en xullo de 2019.	20
6.4.	Evolución da precipitación en xullo de 2019	22
7	VENTO	23
8	RADIACIÓN SOLAR	27
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual	27
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal.	28
9	RAIOS	29

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 07/11/2019



Mes húmido e temperaturas lixeiramente cálidas.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
≤ mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
≥ máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
≤ mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
≥ máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de outubro pódese dividir no meteorolóxico en 3 partes diferentes: durante os primeiros 10 días o predominio foi para as altas presións, a estabilidade e as temperaturas superiores ás normais para a época do ano. A continuación chegou un período de borrascas frías, con chuvia. Soamente na derradeira semana as temperaturas puideron recuperarse lixeiramente. Todo isto deixa temperaturas lixeiramente cálidas en xeral, pero por debaixo da media nalgunhas zonas.

En chuvia rexistramos zonas con máis precipitación da normal, aínda que moitos lugares quedaron na media. Así, o mes comezaba co paso dunha fronte fría a primeiras horas do día 1, pero cunha rápida recuperación anticiclónica que deixaba una situación de apertura de claros e elevadas temperaturas pola tarde. Esta situación anticiclónica mantívose nas xornadas do 2 e o 3.

Os días 4, 5 e 6 a situación foi algo máis intermedia, con momentos de nubes e chuvias e outros de ceo aberto e boas temperaturas.

Entre os días 7 e 11 as altas presións volveron a dominar a situación sinóptica, achegando estabilidade, coa excepción do día 8, cando una fronte pouco activa era quen de superar a barreira anticiclónica, para deixar ceos anubrados e algunha chuvia feble pola mañá.

O día de temperatura máis elevada neste período foi o 11, cando algúns puntos do interior acadaron valores por riba dos 30°C. O día 12 foi de transición, co achegamento dunha borrasca que na xornada do 13 deixaba chuvias persistentes e de intensidade moderada, cun primeiro aviso amarelo por chuvias do mes.

As precipitacións intermitentes tipo chuvascos continuaron o día 14, quedando a xornada do 15 como de transición, para ter de novo a visita dunha borrasca profunda con fronte activas o 16, cando de novo as precipitacións foron moi cuantiosas en toda Galicia, superándose os 100 l/m² en puntos do oeste.



A secuencia anterior volveu a repetirse nos seguintes días, xa que o 17 foi de relativa tranquilidade, con chuvia escasa, pero o 18 pola tarde outra fronte entraba en Galicia e deixaba chuvia en abundancia na tarde do 18 e na xornada do 19.

Os días 20 e 21 os ventos cambiaron a norte, as temperaturas mantivéronse baixas, pero as precipitacións tenderon a diminuír. Desapareceron completamente os días 22 e 23, cando ademais ascenderon as temperaturas diúrnas e tivemos máis horas de sol que de nubes. O día 24 unha nova fronte deixaba chuvia, de novo de tipo xeneralizado, persistente e de intensidade moderada.

Os días 25 e 26 foron máis estables, con entrada de aire cálido dende o sur, o que provocou un ascenso das temperaturas, pero xa o 27 as nubes foron máis protagonistas, con algunhas chuvias febles en puntos do leste.

Na xornadas do 28, 30 e 31 novas fronteas deixaron chuvia por toda a Comunidade, quedando no medio o día 29 con algo máis de estabilidade e temperaturas suaves.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Na Figura 2, a altura xeopotencial de 500 mb, pódese observar unha anomalía positiva sobre o sur de Europa que afectou á nosa Comunidade e explica o predominio de tempo anticiclónico e estable nas primeiras semanas. Sen embargo, como se reflexa na Figura 1 no mapa de superficie, non foi moi significativa, permitindo a entrada de algunha borrasca fría acompañada de chuvia polo medio do mes. En ambas figuras, apréciase tamén a forte anomalía positiva que afectou neste mes a Groenlandia.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Outubro-2019.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Outubro-2019.



4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou xullo a 1 mm.

**A CORUÑA**

	OUTUBRO 2019 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	17.1/16.8	16.0	18.8 (2014)	12.6 (1974)
Tª mínima media	14.2/14.1	13.0	15.4 (2014)	10.2 (1974)
Tª mínima absoluta	7.9/8.3 (día 22)	6.0 (19/10/1992)		
Tª mínima máis alta	17.6/17.2 (día 28/29)	19.6 (07/10/2012)		
Tª máxima media	20.0/19.5	18.9	22.1 (2014)	15.0 (1974)
Tª máxima absoluta	24.0/23.2 (día 27)	31.5 (02/10/2012)		
Tª máxima máis baixa	14.8/14 (día 19)	11.8 (31/10/2008)		
Precipitación acumulada	124	93-129	309 (1990)	0 (1941)
Días de chuvia (≥1mm)	16	13	23 (1960)	0 (1941)

Comentario: Mes cálido tendo en conta as temperaturas máximas e moi cálido considerando as mínimas. En xeral as temperaturas medias foron cálidas.

A precipitación rexistrada coincide coa normal e o número de días de chuvia foi superior ó agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2017 Temperatura: 1948-2017

SANTIAGO

	OUTUBRO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	14.5	14.9	17.6 (2017)	12.3 (1992)
Tª mínima media	11.1	10.6	13.2 (1997)	8.5 (1992)
Tª mínima absoluta	5.7 (día 22)	-0.5 (18/10/1992)		
Tª mínima máis alta	15.9 (día 30)	18.7 (10/10/1997)		
Tª máxima media	17.8	19.2	23.8 (2017)	16.0 (1992)
Tª máxima absoluta	24.4 (día 7)	31.9 (13/10/2011)		
Tª máxima máis baixa	12.6 (día 19)	10.0 (28/10/2018)		
Precipitación acumulada	247	165-215	604 (1987)	3 (2007)
Días de chuvia (≥1mm)	15	14	23 (1987)	1 (2007)

Comentario: Foi un mes cálido en canto ás temperaturas mínimas e frío para as máximas. No referente á temperatura media, o mes resultou ser normal.

A precipitación acumulada rexistrada e o número de días de chuvia foron lixeiramente superiores ao rango de valores normais. Polo tanto, o mes considérase húmido.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2017. Temperatura: 1982-2017



LUGO

	OUTUBRO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	13.9	13.3	16.0 (2014)	9.3 (1974)
Tª mínima media	8.7	8.3	10.8 (1994)	5.5 (1974)
Tª mínima absoluta	2.1 (día 22)	-2.0 (19/10/1980)		
Tª mínima máis alta	13.4 (día 30)	16.4 (01/10/2001)		
Tª máxima media	19.1	18.2	23.9 (2017)	13.2 (1974)
Tª máxima absoluta	27.6 (día 11)	31.8 (15/10/2017)		
Tª máxima máis baixa	12.2 (día 19)	7.1 (28/10/2018)		
Precipitación acumulada	141	103-131	393 (1987)	10 (1985)
Días de chuvia (≥1mm)	12	12	24 (1987)	2 (2007)

Comentario: As temperaturas mínimas estiveron dentro dos valores normais. Sen embargo, o mes considérase cálido se analizamos as temperaturas máximas e medias.

A precipitación rexistrada é lixeiramente superior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase húmido. O número de días de chuvia coincide co agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2017. Temperatura: 1981-2017

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	OUTUBRO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	15.6	15.5	18.7 (2014)	11.6 (1974)
Tª mínima media	11.5	10.7	13.8 (2014)	6.7 (1974)
Tª mínima absoluta	5.9 (día 22)	1.2 (31/10/1974)		
Tª mínima máis alta	17.0 (día 30)	19.0 (06/10/2009)		
Tª máxima media	19.5	20.4	24.2 (2017)	16.4 (1974)
Tª máxima absoluta	23.7 (día 10)	33.3 (14/10/2011)		
Tª máxima máis baixa	15.3 (día 19)	10.8 (12/10/1972)		
Precipitación acumulada	218	179-221	596 (1987)	7 (2007)
Días de chuvia (≥1mm)	15	13	24 (1987)	1 (2007)

Comentario: Mes cálido tendo en conta as temperaturas mínimas, mentres que para as máximas o mes resultou frío. En conxunto as temperaturas medias acadadas resultaron dentro do normal.

A precipitación rexistrada tamén concorda cos valores normais, pese a que o número de días de chuvia foi lixeiramente superior ó agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2016. Temperatura: 1958-2017



OURENSE

	OUTUBRO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
T ^a media	15.8	15.6	18.2 (2014)	11.6 (1974)
T ^a mínima media	10.1	9.6	12.5 (1981)	4.9 (1974)
T ^a mínima absoluta	5.1 (día 22)	-2.0 (31/10/1974)		
T ^a mínima máis alta	14.6 (día 16)	19.6 (10/10/1997)		
T ^a máxima media	21.5	21.6	27.4 (2017)	17.8 (1987)
T ^a máxima absoluta	30.3 (día 7)	34.3 (12/10/2011)		
T ^a máxima máis baixa	14.0 (día 19)	7.0 (26/10/1976)		
Precipitación acumulada	169	85-129	282 (1987)	5 (1974)
Días de chuvia (≥1mm)	12	10	24 (1987)	2 (2007)

Comentario: Mes con temperaturas medias normais, pese a que as mínimas foron lixeiramente máis cálidas do esperado. As temperaturas máximas tamén se atopan dentro do rango normal de valores. En canto á precipitación foi un mes moi húmido, rexistrando un numero de días de chuvia superior ó rango de valores habituais.


* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1973-2016. Temperatura: 1972-2017



5 TEMPERATURA

As temperaturas dos primeiros 11 días do mes estiveron claramente por riba da media, pero a partir do día 12 houbo nunha baixada significativa da temperatura e, salvo excepcións como os días 25 e 26, estivemos en xeral por debaixo da media. En xeral as temperaturas medias estiveron lixeiramente por riba da media, principalmente debido a las suaves temperaturas mínimas.

5.1. Temperatura media das máximas.



Tmáx - 10/2019

www.meteogalicia.es


Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de outubro de 2019.



O valor medio das temperaturas máximas no mes de outubro para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 17.6°C. Os valores máis baixos rexistráronse principalmente nas zonas de montaña de Lugo e Ourense, con valores próximos aos 11 °C. Por outra banda, os valores máis altos déronse principalmente nas comarcas do Ribeiro, na provincia de Ourense, con valores próximos ós 22 °C.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de outubro para o territorio galego foi de 9.5 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados na comarca da Limia e macizo de Manzaneda, onde se acadaron valores próximos aos 4 °C. Os valores máis altos déronse en zonas costeiras, principalmente nas comarca de A Coruña e Vigo, con valores próximos aos 15 °C.



Tmín - 10/2019

www.meteogalicia.es

Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de outubro de 2019.



5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de outubro, tendo en conta a media dos valores da figura 3, foi de $+0.5\text{ }^{\circ}\text{C}$. Os valores máis baixos acadáronse na zona de Santiago e na ría de Muros e Noia, con valores entre -0.5°C e -1°C . Os máis altos na montaña de Lugo e zonas costeiras do Norte de Galicia ($+1.6^{\circ}\text{C}$).




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media ($^{\circ}\text{C}$) de outubro respecto ao período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. Pódese observar que as máis altas anomalías de temperatura déronse na montaña de Lugo e zonas costeiras do Norte de Galicia (Táboa 1) e as anomalías máis baixas déronse principalmente no suroeste da provincia de A Coruña (Táboa 2).

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Cedeira	A Coruña	1.5
Cariño	A Coruña	1.5
Cambre	A Coruña	1.4
Triacastela	Lugo	1.4
Nogais (As)	Lugo	1.3
Burela	Lugo	1.3
Becerreá	Lugo	1.2
Ortigueira	A Coruña	1.2
Láncara	Lugo	1.2
Cerdido	A Coruña	1.2

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de outubro de 2019.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Padrón	A Coruña	-0.6
Pontecesures	Pontevedra	-0.5
Teo	A Coruña	-0.5
Pobra do Caramiñal	A Coruña	-0.4
Ribeira	A Coruña	-0.4
Porto do Son	A Coruña	-0.4
Valga	Pontevedra	-0.4
Dodro	A Coruña	-0.3
Santiago de Compostela	A Coruña	-0.3
Rois	A Coruña	-0.3

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de outubro de 2019.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas en Galicia no mes de outubro de 2019 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. As xornadas do 7 e o 11 foron especialmente calorosas para as dúas altitudes, superándose os 30 °C por debaixo dos 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2019				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
07/10/2019	Remuíño	A ARNOIA	Ourense	31.31
07/10/2019	Aguas de Cabreiroá	VERÍN	Ourense	30.7
07/10/2019	Ribadavia	RIBADAVIA	Ourense	30.7
07/10/2019	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	30.67
11/10/2019	A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	30.47
07/10/2019	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	30.46
11/10/2019	Aguas de Cabreiroá	VERÍN	Ourense	30.3
07/10/2019	A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	30.28
07/10/2019	Ourense	OURENSE	Ourense	30.27
07/10/2019	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	30.22

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2019 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2019				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
07/10/2019	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	25.67
07/10/2019	A Mezquita	A MEZQUITA	Ourense	25.41
07/10/2019	Xurés	MUIÑOS	Ourense	25.02
07/10/2019	Cervantes - Bazal	CERVANTES	Lugo	24.1
10/10/2019	Cervantes - Bazal	CERVANTES	Lugo	24.1
11/10/2019	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	24.09
07/10/2019	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	23.91
07/10/2019	Corzos	A VEIGA	Ourense	23.74
11/10/2019	Cervantes - Bazal	CERVANTES	Lugo	23.5
07/10/2019	Serra do Eixe	A VEIGA	Ourense	23.44

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2019 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de outubro de 2019 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. As temperaturas mínimas máis baixas déronse en xeral nas madrugadas do 20 ao 22, principalmente na provincia de Ourense.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2019				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
20/10/2019	Xares	A VEIGA	Ourense	-1.43
21/10/2019	Xares	A VEIGA	Ourense	-0.92
20/10/2019	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-0.84
22/10/2019	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-0.7
22/10/2019	Xares	A VEIGA	Ourense	-0.61
19/10/2019	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-0.59
21/10/2019	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-0.5
20/10/2019	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-0.49
14/10/2019	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-0.48
24/10/2019	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-0.39

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2019 altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2019				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
22/10/2019	Xinzo de Limia	XINZO DE LIMIA	Ourense	-2.5
22/10/2019	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-1.27
22/10/2019	Beariz	BEARIZ	Ourense	-1.2
21/10/2019	Boimorto	BOIMORTO	A Coruña	-1.164
03/10/2019	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-1.13
10/10/2019	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-1.11
22/10/2019	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-1.04
22/10/2019	Cospeito	COSPEITO	Lugo	-0.72
22/10/2019	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	-0.64
22/10/2019	Baltar	BALTAR	Ourense	-0.53

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2019 altitude inferior a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2019.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2019 para esta serie foi 14.8 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2019 para outubro.

A anomalía media da temperatura para este mes de outubro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de + 0.28°C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como lixeiramente cálido. As máximas estiveron 0.19°C por debaixo do normal e as mínimas 0.76°C por riba.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en outubro, respecto ó período 1981-2010.



6 PRECIPITACIÓN

Aínda que o primeiro terzo do mes foi moi seco, as fronteiras que chegaron posteriormente, destacando as precipitacións do día 16, pero tamén as do 13 ou as do 18-19 acumularon cantidades suficientes para que poidamos considerar o mes como normal en moitos puntos e húmido nalgúns lugares onde se superou o habitual nun mes de outubro.

6.1. Precipitación acumulada mensual outubro 2019

O valor medio de chuvia, considerando os valores do mapa (figura 8), é 195 L/m².




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de outubro de 2019.



6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de outubro con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 10 % superior ao período de referencia 1981-2010. Pódese considerar en xeral que o mes foi húmido, agás nas comarcas da mariña lucense e Norte da provincia de A Coruña, así como en puntos do interior de Pontevedra e Ourense.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de outubro de 2019.

6.3. Días de chuva en outubro de 2019

O número medio de días de chuva (maior ou igual a 1 L/m^2) foi de 14. Os valores máis altos de número de días de chuva déronse en Aldea Nova (20 días) e na zona de Ferrol (19 días). Os mínimos rexistráronse principalmente en zonas do oeste de Ourense, con só 6-7 días de chuva no mes de outubro.




Figura 10: Días de chuva superior a 1 L/m^2 durante o mes de outubro de 2019.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de outubro. Tal e como se ven indicando neste informe, as chuvias acumuladas máis elevadas chegaron a superar os 500 L/m² no concello de Lousame. O 15 de outubro foi o día no que se rexistraron maiores precipitación en 24 horas, as cales, pese a non seren de grande intensidade, sí persistiron de forma continuada.

Precipitacións acumuladas máximas en outubro de 2019			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Muralla	LOUSAME	A Coruña	540
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	393
Cespón	BOIRO	A Coruña	388
Costa	ROIS	A Coruña	371
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	369
Castrove	POIO	Pontevedra	343
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	341
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	332
A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	323
Coto Muiño	ZAS	A Coruña	314

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de outubro de 2019.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Muralla	LOUSAME	A Coruña	179	15/10/2019 19:10
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	133	15/10/2019 17:10
Costa	ROIS	A Coruña	123	15/10/2019 17:40
Coto Muiño	ZAS	A Coruña	118	15/10/2019 15:30
A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	114	15/10/2019 18:50
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	106	15/10/2019 23:50
Cespón	BOIRO	A Coruña	103	15/10/2019 19:50
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	99	15/10/2019 22:00
Ponte Caldelas	PONTE CALDELAS	Pontevedra	92	16/10/2019 4:40
A Armenteira	MEIS	Pontevedra	91	18/10/2019 17:30

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de outubro de 2019.

6.4. Evolución da precipitación en outubro de 2019

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2019, para esta serie, foi 183 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2019 para outubro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de outubro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 18 % por enriba do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como húmido, tendo en conta a totalidade da Comunidade.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en outubro, respecto ó período 1981-2010.



7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Na metade do mes, entre os días 13 e 16, tal e como se pode observar na Táboa 9, en moitas localidades acadáronse ventos moi fortes.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en outubro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
16/10/2019	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	130.6
14/10/2019	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	115.9
16/10/2019	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	114.7
13/10/2019	Muralla	LOUSAME	A Coruña	107.2
15/10/2019	Burela	BURELA	Lugo	106.8
16/10/2019	Castro Vicaludo	OIA	Pontevedra	106.0
16/10/2019	Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	103.8
13/10/2019	A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	100.2

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de outubro.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmās	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	88.2	S	14	<p>INTENSIDADES PONDERADAS COA DIRECCIÓN Lira (10030) e (01102019 a 01112019)</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Lira (10030) e (01102019 a 01112019)</p>
		Día 13				



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmass	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Pta. Candieira	Cedeira	114.8	SO	6		
		Día 16				
Malpica	Malpica	83.5	O	8		
		Día 14				
Marco da Curra	Monfero	81.0	SO	7		
		Día 16				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de outubro de 2019 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmass	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Penedo do Galo	Viveiro	106.9	S	3		
		Día 15				



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Ancares	Cervantes	96.5	S	6		
		Día 13				

Táboa 11: Resumo vento no mes de outubro de 2019 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	74.5	SO	11		
		13				
Rodicio	Maceda	72.0	SO	10		
		13				
Gandarela	Celanova	64.4	NO	42		
		16				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de outubro de 2019 na provincia de Ourense.



PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	80.3	S	7	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Fornelos de Montes (10086) # 01/10/2019 a 01/11/2019 10001</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Fornelos de Montes (10086) # 01/10/2019 a 01/11/2019</p>
		16				
Ons	Bueu	92.9	S	9	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Ons (10120) # 01/10/2019 a 01/11/2019 10001</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Ons (10120) # 01/10/2019 a 01/11/2019</p>
		13				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de outubro de 2019 na provincia de Pontevedra.



8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de outubro de 2019.



8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou 134 raios neste mes de outubro. Estes raios foron detectados maioritariamente nas xornadas do 14 e do 20, seguidas polo día 21 (Figura 15).




Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en outubro de 2019.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias, como se pode ver, a maioría dos raios detectados déronse na provincia de A Coruña, mentres que Ourense foi na que menos caeron neste mes de outubro (Figura 16).

nº de raios detectados en outubro de 2019 por provincias




Figura 16: Número de raios detectados por provincia en Galicia en outubro de 2019.



Na figura 17, pódese ver o número total de raios rexistrados en outubro en Galicia dende o ano 2010 ao 2019. Nesta gráfica pódese observar que desde o ano 2010 este mes de outubro foi o terceiro que presentou menos número de raios.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en outubro dende 2010 a 2019.